

¿Oíches?



¿Oíches?

Guía gratuita de Compostela \
Time out In Compostela
Nº 2, Xuño, 1996.

Editorial

Adeus Pontevedra

Xa estamos en Santiago, e queríamos dedicarlle un especial á cidade na que comezamos a dar forma a esta idea que é ¿Oíches?. Falámolo entre todos, e a xente que escribe os relatos pensou que neste número todos eles podían referirse, dalgún xeito, á cidade na que coincidiu que viviramos algúns de nós ó principio da revista. Cando vimos o resultado, atopamos dous relatos que falaban das Celulosas, un do contrabando e outro da languidez, e que todos eles conectábanse entre si. Unha advertencia: non queremos falar mal de Pontevedra, cidade á que lle debemos tanto, senón a esas cousas de Pontevedra que tanto a perxudican - as Celulosas, o contrabando e a languidez -. Os relatos tamén falan doutros temas, o mitolóxico, o misterioso, o vital...

O noso plan inicial para este número era saír do quince de Maio ó quince de Xuño, pero coas festas non puido ser, e preferimos facelo para todo Xuño. Perdemos unha quincena, pero gañamos un mes.

Melloramos en algúns aspectos. queremos estar á altura que Santiago se merece.

¿Oíches?

Tif. (981) 56 43 44

Editora: Eva Paradela Rodríguez.

Director: Juan Carlos Martínez Fontana.

Publicidade: Francisco Pernas.

Fotografía: Amparo Gil e outros

Colaboradores:

Xan B. Quintela.

Ana Ibáñez.

Bartolomé Santiso.

Dorothea Vielleich.

Fotocomposición: 4 cromía, S.L.

Impresión: Artes Gráficas Litonor.

Tirada: 5.000 exemplares.

Exemplar gratuito, prohibida a súa reprodución e venda.



Índice\

Index

Calendario	5 - 6	Listings
Música		
...cun vaso na man...		
Exposicións		
Teatro/Cine/Danza		
Convocatorias		
Museos/Taboleiro de		
anuncios	7	Museums\Classifieds
Música	8 - 10	Music
Danza	11	Dance
Seccións		Regular Features
Cómame o Demo	12	
A Miñoa Eléctrica	14	
Amoriños Collera	16	
Tiruliru miña Gaita	18	
Guía de Compostela	20	A Guide of Compostela
Fundamentos de		The foundations of
Santiago	32	Santiago
Plano histórico	34	Historical map

CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

VITO ACCONCI
Living off the museum
marzo / agosto 96

LAXEIRO
abril / xuño 96

ANTÓN PATIÑO
Mapa ingrávido
marzo / agosto 96

ANA MENDIETA
xullo / outubro 96

Rúa Valle Inclán s/n

15704 Santiago de Compostela

Tel. (981) 546629

Fax. (981) 546605/25

Coa colaboración de
IBERIA E



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA

CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

Calendario Listings

música

Mércores 29 de Maio 21:00 h. Auditorio da Universidade. Cinco Séculos de Música de Cámara: A voz no século XX, por María Folco e Aurelio Viribay. Entrada libre.

Xoves 30 de Maio 21:00 h. Auditorio de Galicia. X. de Paz, *Noite na auga* (Estrea absoluta); W.A. Mozart, *Concerto* para piano en Re maior KV 537, *Sinfonía* en Sol menor KV 550. Real Filharmonía de Galicia. Piano: György Sandor. Dir. Maximino Zumalave.

Xoves 6 de Xuño 21:00 h. Auditorio de Galicia. J.S. Bach, *Oberatura* nº 3 en Re maior BWV 1068, *Cantata* BWV 51 *Jauchzet Gott*; W.A. Mozart, *Sinfonía* en Do maior KV 551 *Júpiter*. Real Filharmonía de Galicia. Trompeta: Uwe Köller. Soprano: Sibylla Rubens. Dir. Helmuth Rilling.

Xoves 20 de Xuño. Centro Galego de Arte Contemporánea. Monografías. **Giancinto Scelsi**, *Preghiera per un'ombra* (1954), *Dúo* (1965), *Manto* (1957) -estrea en España-, *Ixor* (1956), *Igghur* (1965) -estrea en España-, *Cuarteto nº 2* (1961) -estrea en España.

...cun vaso na man...

Do Mércores 22 ó Sabado 25 de Maio 22:00 h e 24:00 h. Casa do Patín. Rock Acústico (Londres). **Paul Ronney & Billy Page**.

Sábado 25 de Maio. Pub Ultramarinos. Festa Eristoff. Haberá regalos e azafatas.

Mércores 29 e Xoves 30 de Maio 21:00 h e 23:00 h. Casa do Patín. Jazz (EE.UU). **John Blake** (violín), **Steve Giordano** (guitarra).

Venres 31 de Maio e Sábado 1 de Xuño 22:30 h e 24:00 h. Casa do Patín. Blues. **Fultons Point 1930**. Voz e guitarra: Juan Velasco. Baixo: Nacho Mendivil. Batería: Tito Ruano. Guitarra: Curro Belceblues. Harmónica: Ernesto Ulibarri.

Sábado 1 de Xuño. Pub Ultramarinos. Festa Ron Varadero. Con regalos e azafatas.

Venres 21 de Xuño 22:00 h. Sala Galán. Oriente-Occidente. **Luis Paniagua**.

Tódolos Luns ás 22:00 h. **Pub-Is Pro Nobis**. *Canturreadas* de **Ricardo Parada**. Música participativa e cancións. Música en vivo co micrófono aberto.

Tódolos Martes ás 21:30 h. **Pub-Is Pro Nobis**. Tertulia esotérica.

exposicións

Ata o 28 de Maio. Casa da Parra. *En Búsqueda de la intimidad de los objetos. Obxetos persoais de 28 artistas recopilados por Román Pereiro*, comisario da exposición.

Ata o 30 de Maio. Aula de Cultura de Caixa Galicia. *En torno a Brocos*. Esculturas de Isidoro Brocos.

Ata o 30 de Maio. Pub Modus Vivendi. Pinturas de **Fernando Mayer e Paulina Real**.

Ata o 30 de Maio. Galería Trinta. Escultura de **José María Alcover**.

Do 28 de Maio ó 1 de Xuño das 19:00 h. ás 22:00 h. Sala Galán. *A máquina gráfica en acción*. **Cristina Sicilia**. Vigo.

Ata o 3 de Xuño. Fundación Eugenio Granell. *Unha mirada distinta*. Arte Africano.

Ata o 15 de Xuño. Galería Mundo Creativo. *Grial*. Pinturas de **Carmen Prieto**.

Ata o 15 de Xuño. Pub Ultramarinos. Antoloxía do berciano **G.OE**. Óleos sobre lenzo e esculturas de ferro forxado e madeira do Bierzo unidas por cordas.

Ata o 30 de Xuño. Centro Galego de Arte Contemporánea. **Laxeiro**.

Calendario \ Listings

Ata o 30 de Xuño. Noroeste. *Á Sombra dos Chapeus en Flor. Sombrieros, Bonetes e Puchos* de **Candela Cort.**

Do 1 ó 30 de Xuño. Pub Modus Vivendi. Fotografías de **Liana.**

Ata o 25 de Agosto. Centro Galego de Arte Contemporánea. *Living off the museum* de **Vito Acconci.**

Ata o 25 de Agosto. C.G.A.C. *Mapa ingravido* de **Antón Patiño.**

Do 1 de Xuño ó 25 de Agosto. **Auditorio de Galicia.** *Estructura e materia* de **Gerardo Rueda.**

cine-teatro-danza

Sábado 25 de Maio 20:00 h. **Teatro Principal.** Ciclo de Cine Surreal. *Un perro andaluz* de **Luis Buñuel. *Spellbound* (Recuerda) de **Alfred Hitchcock.** Ás 23:00 h. *Man Ray I* (coas curtametraxes *Retorno a la razón* e *Emak Bakl*). *The Groundhog Day* (Atrapado en el tiempo) de **Harold Ramis.****

Sábado 25 de Maio 23:00 h. **Sala Nasa.** *Ultranoite Performática.* Participarán: **Pogo,** teatro, Lisboa; **Orquesta Dramática O Bife,** Lisboa; **Chévere** e **A Banda da Nasa.** Entrada normal: 1.000 pts. Estudiantes: 600 pts. Tripulantes: 300 pts.

Domingo 26 de Maio 20:00 h. **Teatro Principal.** Ciclo de Cine Surreal. *Man Ray II* (coas

curtametraxes *La estrella del mar* e *Los misterios del Castillo de De*). *Horse Feathers* (Plumas de Cabalo) de **Norman Z. Mc Leod / Irmáns Marx.** Ás 23:00 h. *Le Sang d'un Poete* (La Sangre de un Poeta) de **Jean Cocteau. *Belle de Jour* (Bella de Día) de **Luis Buñuel.****

Do 27 ó 29 de Maio 20:00 h. **Aula de Cultura Caixa Galicia.** Ciclo Teatro na Aula. *Vapores* (Nel Dunn) por **Espello Cóncavo.**

Martes 28 de Maio 21:00 h. **Sala Nasa.** *Zinasa o cineclú da NASA.* Selección de traballos recentes procedentes da prestixiosa e multicultural Escola de Cine de Berlín. Proxección de curtametraxes e vídeos made in Galicia. Entrada única: 300 pts. (gratuíta para tripulantes).

Días 7-8 de Xuño. Danza na rúa. *En pé de pedra danza para paseantes.* **Prometheus Dance,** Bostón; **Rosa Muñoz,** Barcelona; **Margarita Guergué,** Barcelona; **Mónica Valenciano,** Canarias.

Días 13-14-15 de Xuño 22:00 h. **Sala Galán.** *La Mirada.* Coreografía: **Teresa Nieto.**

convocatorias

Luns 27 de Maio 21:00 h. **Sala Galán.** *Acción -Intervención.* **Cristina Sicilia** e tres colaboradores do seu taller de gravado realizarán estampacións ante o público.

Ata o 30 de Maio. Paseo dos Leóns na Alameda. 5ª Edición da **Feira do libro antigo e de ocasión.**

Direccións

Auditorio de Galicia. Avda. do Burgo das Nacións, s/n. Información: 57 41 52 - 57 41 53.

Aula de Cultura Caixa Galicia. Carreira do Conde, 18.

Casa da Parra. Praza da Quintana. **Centro Galego de Arte Contemporánea.** Rúa Valle-Inclán, s/n. Tlf. 54 66 29.

Galería Citania. Algalia de Abaixo, 39.

Sala Galán. Gómez Ulla, 7. Tlf. 51 66.

Fundación Eugenio Granell. Pazo de Bendaña. Praza do Toural.

Galería Minotauro. Bonaval, 25. **Pub Modus Vivendi.** Praza Feixóo, 1.

Galería Mundo Creativo. Xeral Pardiñas, 15.

Sala Nasa. San Lourenzo, 51-53. Tlf. 57 39 98.

Sala Noroeste. Ruela de Xerusalén. Tlf. 57 71 30.

Casa do Patín. Estrada de Noia, Km. 1. (Vidán)

Pub-Is Pro Nobis. Raxoi, 19 (Praza Trindade) Tlf. 57 56 17.

Galería Sargadelos. Rúa Nova, 16. **Galería Trinta.** Rúa Nova, 30.

Pub Ultramarinos. Casas Reais, 34-36. Tlf. 58 36 39.

Universidade de Santiago. Información: Casa da Balconada, Rúa Nova, 6. Tlf. 57 39 96.


Museos \ Museums

Museo do Pobo Galego. Convento de San Domingos de Bonaval. Campo de San Domingos de Bonaval, s/n. Tlf. 583620. Aberto de 10 á 1 da mañán e de 4 ás 7 da tarde. Pecha domingos e festivos. Entrada gratuíta.

Museo e Tesouro da Catedral. (Pza. do Obradoiro.) Tlf. 561527. Aberto de 10 á 1.30 e de 4 a 7.30. Entrada, 350 pts.

Museo das Peregrinacións. Casa Gótica. Rúa de San Miguel. Tlf. 581558.

Museo da Colexiata do Sar. Rúa do Sar. Tlf. 562891. Entrada, 50 pts.



Museo de Historia Natural. Facultade de Química, Campus Sur. Tlf. 593589. Aberto de Luns a Venres, de 11 á 1, e de 5 á 7.

Museo de Terra Santa. Convento de San Francisco. Campiño de San Francisco, 3. Tlf. 581600. Aberto de 11 á 1.30, e de 2 á 7. Luns, pechado. Entrada, 300 pts.

Casa-museo da Troia. Rúa da Troia. Tlf. 585159. Aberto de 11 á 2, e de 4 á 8. Domingos, de 11 á 2. Entrada, 200 pts. Estudiantes, 100 pts.

Pavillón de Galicia. Avda. de Fernando Casas Novoa, s/n. San Lázaro. Tlf. 577128.

Taboleiro de anuncios



Piano Con Clase Busca Particulares Inexper-tos (ou non). Clase Móvil. Horario Elástico. Profesora Titulada. Tlf. 57 22 61 (De 2 á 4)

Anúnciate no noso taboleiro. Podes poñer o que queiras (intercambios, mensaxes, pisos para compartir, etc.) Chámanos ó 56 43 44.



Artasán de gaitas e frutas galegas. X. Miguel Mosquera Medin. Tlf. 52 22 91

Música

...o que foi...

X Xornadas de Música Contemporánea

Dado que a programación estable do Departamento de Música do CGAC fai menos urxente o carácter informativo que tiveron sempre as Xornadas, van xa dúas edicións que este festival ten carácter monotemático. As IX Xornadas xiraron en torno a Webern. Esta vez é a primeira na que se aporta un panorama da actual creación musical galega. O balance é variado. prestouse especial atención ós músicos máis novos, e se ben é certo aquilo de *xente nova e leña verde, todo é fume*, tamén é cós que veñen detrás veñen con forza, e non podemos permitir que teñan que acabar marchando de Galicia, que aínda hoxe segue sendo un páramo musical con dúas orquestras de luxo asiático. Do Departamento de Música do CGAC falaremos máis adiante. De momento cabe reseñar que estas Xornadas son fruto da colaboración da Universidade e mailo CGAC, e temos que agradecerlas ó esforzo persoal de Mercedes Rosón e Manuel Rodeiro.

Dos máis novos, destacaron os dous tríos de corda de Canco López, *Amiat e Amiat I*, (que son os primeiros dun ciclo de sete), polo rigor do seu traballo, que é dunha seriedade moi prometedora.


Javier Arias Bal amosou unha eficacia no control da linguaxe musical que lle permite a creación dunha atmosfera moi habitable e acolledora, que nun futuro non lonxano debería dar de si unha obra de verdadeiro nivel.

Tamén *Un ceo tódalas noites*, de Antón L. Pulido, é unha peza

que anuncia un mundo persoal aínda por conquistar, pero que apunta coa forza da sinceridade, do sinxelo, unha música feita de corazón. Foi unha pena que non puideramos oír o *Trío de Pulido*. O caso é que rompeu o bordón do La 0 do piano, nota sobre a que estaba construída toda a peza. Pero víramos a partitura, e podemos dicir que está feita cunha valentía e unha forza fóra do común, e cunha poesía inexplicable.

O caso Nubens Grises

O éxito popular das Xornadas, foron se dúbida o *Movemento para cuarteto* (1988) e *Nubens* (1990) de Xan Viaño (1960-1991). A historia de *Nubens* dá moi ben unha idea de como están as cousas na *música oficial* galega. Os avatares da súa estrea resumeos Rodeiro nas notas ó programa de



Manuel Rodeiro,
compositor e director
do Departamento de
Música do CGAC

man das Xornadas: *Dunha maneira oficiosa circulaban comentarios que sinalaban que a enfermidade do compositor impedira a realización total do plano inicialmente previsto. Segundo esta versión, nubens negras permanecía inconclusa, e nubens grises era unha partitura inexecutable e incoherente. Dadas así as cousas, nubens grises permaneceu esquecida sen que ningunha das persoas que viran a partitura repararan no inxustificable desta situación. (...) soliciteille a Mercedes Rosón que me conseguira unha copia deste movemento, xa que dalgunha maneira sospeitaba dos argumentos ata daquela esgrimidos. A sorpresa produciuse cando chegou a partitura ás miñas mans. Tratábase dun segundo movemento do máis lóxico e ben estruturado segundo o bosquejo inicial da obra.*

Sería unha crueldade dar nomes, pero é terrible que alguén asuma a responsabilidade de invalidar unha obra así, sen ter os coñecementos necesarios para entender unha partitura. Non digo ler, que ler le calquera. Digo entender, que é outra cousa. Nós vimos a partitura, e só contén algunhas abreviaturas caligráficas e algunhas indecisións rítmicas que Viaño non deu resolto, as que tamén aparecen en *Nubens Blancas*, obra que se interpreta dende fai anos con toda normalidade e sen discusións. Eu enfadeime moito de que unha obra tan asombrosa estivera tantos anos soterrada por tal veredicto, e non entendo como non tiveron a humildade de asumir que a súa opinión non podía ser definitiva, e aconsellar á familia de Viaño que consultase a alguén máis afeito a entender partituras, xa que ler, lémolos todos.

Por se fora pouco, ó longo das xornadas chegaronme rumores de que Rodeiro non debiera restaura-la obra. Xa está ben, home. Deixade traballar tranquilo a Rodeiro, que ninguén fai nada, e cando un fai algo parece coma se traicionara a todo o mundo.

Encontros IRCAM

Institut de la Recherche et Coordination Acoustique-Musique
Centre Georges Pompidou, Paris.
CGAC

A historia da tecnoloxía é a historia da humanidade. Do mesmo xeito, a historia do control da resoancia natural é a historia da música. A máis humilde ermida da máis humilde parroquia no monte máis remoto, ten unha sonoridade perfecta para facer alí a música do seu tempo. O mesmo sucede cos instrumentos e as técnicas para emitir o son. No século XX, a novidade achégase coa explosión tecnolóxica que sucede en tódolos campos. Os problemas veñen do descontrol de medios tan potentes. Quero dicir que é como se substituíramos as bicicletas por naves espaciais. A xente aparecería no medio

do espacio sen saber como chegou alí e crendo que está na Fonsagrada. O IRCAM é moito máis que alta tecnoloxía. Toda tecnoloxía conleva unha visión das cousas. O medio está pensado para un fin, e o seu uso ten unha intencionalidade concreta. Facer música non é tal fin, porque tampouco é un fin en si mesma, e tamén implica unha cadea de propósitos que acaba enganchada a unha visión do mundo, que non ten que ser de pedra necesariamente, e que pode moverse, índa sen saír dunha mesma peza. Todo isto ven a que a tecnoloxía da música, no seu máis alto nivel, precisa dun nivel equivalente da tecnoloxía do son, sobre todo pola urxencia dunha enorme flexibilidade dos medios, e canto máis flexible é o medio, máis complexo é o seu coñecemento. Entón chega a necesidade da colaboración entre a fantasía do compositor e a do científico, e todo isto forma parte do proxecto do Departamento de Música do CGAC. Non ten os medios do IRCAM, pero xuntou nestes días en Santiago ó mellor da composición galega e española, nomes que van soar no futuro e que xa teñen unha carreira internacional indiscutible. Dos grandes, só faltaron os que viven fora de España. É a primeira vez que o IRCAM fai uns encontros didácticos en España, e fíxoos en Santiago.

...o que vai ser.

Xoves, 20 de Xuño. Auditorio do CGAC.

Monografías.

Giacinto Scelsi

A acústica ten a súa tecnoloxía musical, de lápiz e papel, que non só é a sutil arte da instrumentación. No caso de Scelsi, a tecnoloxía do son parte de preguntarse pola identidade do son mesmo, entrar no son como traspasando a dimensión do microscópico e, unha vez dentro, facerlle tódalas preguntas que poderían facerse a un bosque ou a unha catedral.

Cando toda a música occidental da posguerra, nos anos 50, estaba sulagada na maior crisis racionalista dende o *século das luces*, e todos estaban toleando por dar explicado racionalmente ata o último silencio de fusa das súas partituras, Scelsi deu a espalda ós mundiños e camarillas da música internacional e, como era rico, pechouse no seu castelo a facelo que lle petara. E viviu e compuxo por longos anos deste xeito,

afondando no seu pensamento. Na década dos 70, o musicólogo belga *Harry Halbraicht*, descubriu este mundo libre, descoñecido, e deu a coñecer ó mundo a obra de Scelsi, mais o maestro non consentiu nunca entrar nos círculos da *música internacional*: non existen un currículo nin unha soa fotografía del.

No pasado mes de Abril, falabamos do tempo en *Luigi Nono*, pero ese tempo ven de Scelsi, e tamén a idea, tan de Nono, e que tanto ten influido a tantos compositores novos, de *abrir o son por dentro*, que é o que dicimos fai un pouco, abrir o son e entrar nel, como quen entra nun bosque ou nunha

catedral. E cando unha febra de son se convirte nun espazo ilimitado onde perderse ¿que pasa entón co tempo?.

Todo esto, esta contado cunha linguaxe musical humildísima, sen retórica, sen espaventos. É unha música que non soa a nada que existira diante dela. Partiu de cero nunha época na que todos querían partir de cero, pero estaban sobrecargados de cultura e de razón. Scelsi soupo dicir non, e liscar, e facer o que tiña que facer, e buscar a inocencia no interior do son. Non hai nel grandes duracións nen grandes sonoridades, nada espectacular. Só, a súa verdade íntima.

Juan Carlos Martínez Fontana

Taller de gravado

Luns, 27 de Maio
21:00 h. Sala Galán.

Cristina Sicilia

Acción-Intervención de Cristina Sicilia e tres colaboradores do seu taller de gravado que realizarán estampacións ante o público. Intervención que da pé á instalación *A máquina gráfica en Acción*.

Nos días seguintes os asistentes poderán facer e levar as súas estampacións.




Do Martes 28 ó Sábado 1 de Xuño das 19:00 h. ás 22:00 h. Sala Galán.

A máquina gráfica en Acción.

Instalación baseada no proceso do gravado como medio de expresión artística e as súas posibilidades noutros espazos artísticos.

A montaxe consiste na proxección de diapositivas do proceso do gravado realizadas no taller, na instalación dunha *miniatura* da máquina para realizar estampacións en directo, e nun *tenderete* (cordas da roupa) con estampacións colgadas.

Danza



La Mirada. Foto P. López Cañas.

Venres 7 e Sábado 8 de Xuño. Danza na rúa.
En pé de pedra danza para paseantes.

A Sala Galán, co patrocinio do Concello de Santiago, organiza por segundo ano este proxecto para a difusión da danza contemporánea en Galicia. Nesta segunda edición cóntase con cinco coreógrafas e as súas compañías de danza, que darán vida a diferentes lugares da cidade. As compañías son a **Prometheus Dance**, de Boston, coa coreografía de Diane Arvanites-Noya, **Rosa Muñoz e Margarita Guergué**, de Barcelona, **Mónica Valenciano**, de Canarias, e **Carbone 14** de Canadá con Jerry Snell e Nadine Thouin.

Xoves 13, Venres 14 e sábado 15 de Xuño
22:00 h. Sala Galán.

La Mirada. Coreografía Teresa Nieto.

Bailaríns: Florencio Campos, Jorge López, Teresa Nieto, Lourdes Mas. Música: Joaquín Turina, Enrique Granados, Joaquín Rodrigo, Obradors.


É esa mirada a que cambia, a que modifica as súas decisións.

É esa mirada a que o inspira na súa conducta. Dende atrás: A MIRADA. J. M. G. Clézio.

Cómame o Demo

Unha verdade histórica


Como todo o mundo sabe, Pontevedra cheira a repolo. Os *Defensores da Razón* din que é por culpa das celulosas, pero a súa inxenulidade queda ó descuberto nos nosos recentes estudos. Temos que proclamalo dunha vez por todas: as celulosas de Pontevedra non son máis que unha



costosa tapadeira para agochar a máis evidente, contundente e persistente proba dunha existencia espiritual ultraterrena. Esta é a verdadeira historia, recentemente descuberta e perfectamente documentada nos arquivos históricos da parroquia da Estribela. Alí están as actas de nacemento e defunción e mailos partes e informes militares dos acontecementos, e alí podeos consultar quen queira. Nunha folla solta pódese ler o seguinte:

Dos mouros que houbo nesta parroquia no tempo dos mouros, non fará vinte anos, houbo un ferreiro tan fino que lle chamaron o Ferrapulgas, e tamén pola pouca forza do seu ferro que máis parecía de casca de cebola que de ferro e o Ferrapulgas era de Pontevedra e morreu na guerra dos mouros e matouno o bispo Xelmírez pola súa man e malamente e sen que o Ferrapulgas puidera defenderse e morres coma un home e quedoulle a súa muller viuva e soa e sen fillos moi noviña que non habería máis de dezaseis anos e fora unha tristura moi grande porque de ter fillos tiña que haber parido coma unha coella, tan forte, tan guapa e traballadora e ben feita coma fora e quedou a pobriña cunha leira pequena chea de repolos que cuidaba coma ós fillos que non tivo.

Daquela poida que fora un pouco toliña e tamén un pouco meiga, eu non sei se serían cousas de mouros, pero dende que quedou soa faláballes ós repolos coma se foran cativos e dáballes de mamar inda que tiña as tetas pequenas pero moi riquiñas e cando ía mala do mal da mular os repolos lambíanlle a cona e mailas tetas, e fixérono unha noite de lúa vermella e dendaquela noite os repolos comezaron a falar e ter ollos e barba coma os mouros e fixéronse fortes e afoutos e dicían que eran fillos dela e xuraron que vingarían a mala morte do Ferrapulgas e foron todos a Santiago a matar a Xelmírez e fixeron prza forte na cume do monte Pedroso e eran douscentos pero grandes e rexos e feros e baixaban ata o río Sarela onde o Santísimo Apóstolo Santiago cortoulles o paso na ponte do Sarela e dalí non pasaron e morrerían todos



se non fora porque a moura enganchara ó cabalo branco de Santiago polos collós cos dentes e colgouse deles e o cabalo caeuse enriba dela esforcado de todo e o animalíño impaba moi lastimosiñamente ¡Valeime, Valeime! e os repolos puideron liscar, pero non pasaron da faldra do Pedroso e a moura moi mal ferida e mailo último repolo puideron fuxir a Pontevedra e a mouríña foi morrendo e criando o seu último fillo e dáballe de mamar e el medrou e medrou e medrou e medráronlle os ollos que metían medo e foi tan grande coma unha igrexa grande e tan grande que podía cruzar o río Lérez sen mollarse e aínda daba cruzado a ría.

Entón foi de novo a Santiago e subiu ó Pedroso e xa o Sarela non o podía parar e o Gran Repolo de Pontevedra deixouse caer rodando que cando o viu Xelmírez cagouse polas


calzas e pregou ó Santísimo Apóstolo e Santiago sentiuno e foi alá no seu cabalo branco e medrou ata ser tan grande coma o Gran Repolo e tamén voaba na súa barca de pedra e fora un espanto velos loitar pero baixaron as tropas de Xelmírez e morreron moitos pero fixeron preso ó Gran Repolo e levárono a Pontevedra e cocérono e fixeron un buratísimo enorme na terra e o cheiro do repolo sentíase dende A Coruña ata Oporto e soterraron ó Gran Repolo no burato mais o cheiro non se daba ido porque xa non era cheiro senón a pantasma do Gran Repolo de Pontevedra e pódese ver tódalas noites de lúa vermella e cheira cando lle peta e pétalle cheirar moitas veces de día e de noite e fixeron moitos exorcismos e ata un cruceiro fixeron enriba del pero non conseguiron nada en todos estes anos.

Xan B. Quintela

A miñooca eléctrica

(Maricarmen, a raíña do tempo)

Caralladas felices



A ruela de Caramoniña comeza no campo de San Domingos e cruza a rúa de Valle-Inclán, dende onde sube ata a rúa de Teo, por detrás do parque de Bonaval. Máis cunha rúa, Caramoniña é unha corredeira silvestre. Ase Björnenson, profesora de pintura na facultade de Pontevedra, xace estripada nunha silveira da última costa de Caramoniña, case que chegando á rúa de Teo. Mancara moito. Aínda lle doería se non estivera morta, morta coma un cocho morto. Un pouco máis abaixo, nunha pedra, vese unha antiga cruz, e outras inscricións rúnicas dos vikingos noutras pedras do chan. Pode que as fixeran os seus noutros tempos lonxanos. Ela nin as viu. Alí está estripada cun fouciño, nunha silveira de Caramoniña, case que chegando a Teo. As campás da catedral dan as dez da noite.

Ás dez da noite, a uns pasos dalí, nun bar daqueles nos que tes que falar a berros, os ye-yés de Santiago viven a súa festa perpetua. Coma totalas noites, a voz que máis alborota é a de Cuqui Pereira, loira, pequena, bon tipíño, apetitosas fazulas, ollos verdes, boas tetas e bon cu. Unha cervexa nunha man, un porro na outra, cun sorriso franco pero mecánico, que máis ten que ver coa marihuana que con calquera cousa que asemelle gozo de vivir, fala de que a ela préstalle todo, os cómics, o rock, o folk, o gregoriano, a pintura moderna, a zarzuela, todo, que é rockeira de corazón, filla do rock, pero tamé estidia pintura prerrafaelista en Belas Artes de Pontevedra. Para demostralo, Cuqui Pereira colle papel e lápiz e dispónse a facer un apunte do careto do seu interlocutor. O tempo que ten un oco na barra para apoiarse, un lóstrego vermello pega no lápiz contra o papel coma se fora cun martelo, e tan rápido coma unha metraietta. *¿Que fas, Cuqui?* di alguén cunha risiña distraída e gillipollas. Ela, pola contra, está moi seria. Escagallouse de medo. Con susto, vai comezar


de novo, e de novo o lóstrego vermello debuxa por ela. Alguén na barra dicíalle ó do lado: *Cuqui pinta cada vez peor. Sempre anda de carallada. Non entendo como carallo aprobou o ano pasado coa merda de cuadros que fixo.*

- Home, - dixo o outro - *os cartos do seu pai seguro que algo fixeron, e casualmente, tódolos profesores do ano pasado fixeron cousas nun concello que eu me sei e noutros sitios casualmente controlados polo pai de Cuqui, pero dígoche eu que se acabou o cachondeo dos aprobados de pago, que este ano, coa nova profesora, a sueca, non hai suborno que valga, e vaise foder.* E cada vez que Cuqui tentaba debuxar, soaba a mesma metraietta de marteladas no papel, e no debuxo víase coma unhas tripas e unhas pernas, ou a cara dunha morta. A miñooca eléctrica, a raíña do tempo, pensaba: *Ti tolearías se souperas o que pasou pola túa culpa, e non che vou facer iso, pero vouche quita-las ganas de andar de artista e crete que eres as de Dios, pija noxenta.*

Piratas do mar fixeran aqueles sinais nas pedras de Caramoniña. Piratas do mar vingáranse sen sabelo. Maricarmen, a raíña do tempo, non podía vingalos a todos. Mirou para Santo Narciso, e o santo encolleu os ombros.

Ana Ibáñez





Amor^{niños} collera

O tren que colleu ó meu amigo Ángel

Ó ano seguinte, Freire marchou. Quedabamos Ángel, Jesús e máis eu, e vagabamos polas rúas falando das cousas do mundo, con aquela paixón e inocencia que ten a mocidade. Coñecemos ós clásicos e modernos de tódalas artes e letras. Ángel falaba pouco. Parecía concordar con todo o que dicíamos, pero nunca achegaba nada novo. Un día, estando os dous sen ninguén que interrompira, confesoume a súa verdadeira paixón. Todo aquele que falabamos estaba moi ben, mais o que a el de verdade lle gustaba eran os trens. Quede de pedra, porque o castrón del sabía todo, absolutamente todo o que tivera que ver cos trens, dende a fundición do aceiro ata os entrambilcadeiros dos horarios, e todo de memoria. Podía confundir a Platón con Aristóteles, pero dicíache de memoria tódalas estacións de calquera itinerario que lle preguntaras.

Todos los daños que el alma puede recibir nacen de las tres cosas dichas que son tres enemigos: mundo, demonio y carne. Escondiéndose de éstos, ni hay más guerra.

Juan de la Cruz

A meu amigo Ángel coñecino no Instituto. Éramos catro amigos que sempre latábase xuntos Pontevedra adiante. O máis desperto do grupo chamábase Freire. Facía versos, dibuxaba e dicía cousas enxeñosas constantemente. Foi el quen nos explicou como fumar manzanilla e té. Íamos ó pazo de Mugartegui, que aínda hoxe segue abandonado, e alí dentro argallábase parvadas máis ou menos inofensivas, como o de fumar infusións. Tiveramos a inmensa sorte de que naqueles tempos o contrabando aínda era de tabaco, porque de haber algo máis forte nas nosas mans picaríamos coma burros. Cadaquén... algo buscaba, máis ninguén sabía o que.

O noso amigo Jesús comezou a andar cunha moza, Esmeralda, e foron borrándose das nosas conversas. O maior vínculo de Ángel comigo era a virxindade de ámbolos dous, e unha cósmica falta de cariño. Nas nosas quentes e xoves testas, tales cousas confundíanse unha coa outra. Co paso do tempo, a necesidade foi convertíndose en rencor. Canto máis cariño precisas, máis bruto eres coa xente que pensas que cho tería que dar, e cada vez o pos máis difícil. Como di Diego de Astor no seu *Dibujo del Monte Carmelo: Cuanto más los procuraba, con tanto menos me hallé*, e tamén *Por haberlos procurado tuve menos que tuviera si por la senda subiera*, pero ¿que senda? ¿Que carallo de senda tiñamos que subir? ¿Onde estaba? Recordo que dicíamos que non había explicación para que fomos tan desastríño coas mulleres, que había quen tiña mala sorte, pero que nós non tiñamos nin iso, que todo o mundo, os máis listos e os máis bobos, acadaban

con quen quererse, e que nós non podíamos ser da mesma especie que os venturosos humanos. A única posibilidade é que fomos marcianos, e logo sempre dicíamos *Nós, os marcianos...*

Ángel fixo a mili voluntario na RENFE. Naqueles tempos saías da mili funcionario, e aínda que non estaba nada orgulloso do camiño percorrido, era o xeito máis eficaz de vivir entre trens. Cando a miña nai falaba del, sempre dicía ¿Ángel?, ¿Que Ángel?, ¿O que non ten mai? ¡Pobriño!. Destinárono a varias cidades, e foi medrando na súa carreira ferroviaria. Pouco a pouco perdimos o contacto. Non sei quen dos dous vivira en máis cidades distintas. A última vez que o vin era factor de tráfico en Bilbao. Vímonos en Madrid. Naqueles anos partíranme o corazón e maila cachola varias veces. Inevita-

blemente, aprendín certas leccións sobre a complexidade do mundo, fíxeme barbón e Ángel lucía unha venerable calva. Entón, pregunteille polo seu estado de *marcianidade*. Eu dicíao en broma, pero el contestou entusiasmado:

- *Estouche namorado, tío, é a ostia.*

- ¿E que tal?

- *Moi ben, tío, moi ben.*

- ¿E quen é?

- *Non o sei.*

- ¿E logo?

- *O meu traballo, cóntoche, consiste en dar a saída ó tren. Tódolos días, as oito e dez hai un tren de cercanías, e nel sube unha moza cada mañanciña. É loira, pequena, semella unha virxenciña. Eu sempre miraba para ela a ver si me vía. Fai unha semana viume. Hoxe contestome cún sorriso.*

Bartolomé Santiso





Tiruliru miña gaita

Neste documento histórico dicimos cousas moi desagradables, e non queremos que ninguén pense que as dicimos de Pontevedra. Do que falamos é das Celulosas. Tamén quero agradecer á miña compañeira Ana Ibáñez polo préstamo do seu Santo Narciso.

Como todo o mundo sabe, Pontevedra cheira a cona de vella podre. Non é certo que tal cousa sexa pola culpa das celulosas. Isato é o que queren facernos crer os racionalistas de sempre, aqueles que pensan que tódalas cousas do mundo poden meterse no buratiño que temos cheo de miolos, eiquí entre as orellas. No noso abismo interauricular, como lle gustaba dicir ó profesor Nembargantes, non caben certas explicacións, ¿ou son as explicacións as que son pequenas de máis?


O profesor recolleu un relato oral musicado que non cumpre estrictamente as leis do romance narrativo, pero que ten os fíos dos que tirar para dar sacado a verdadeira historia orixinal. O profesor tena documentada ata os últimos detalles, incluíndo un daguerrotipo autenticado do verdadeiro Manoliño. Neste traballo do profesor, non só queda probada a orixe da célebre cheirume de Pontevedra, (declarada patrimonio da humanidade en 1831 - atopamos a acta desta declaración, levantada en París pola Comisión Internacional de Cheirumes,

pola súa textura cremosa, profunda e inconfundible-) senón que, ademais, aporta probas da orixe da tauromaquia. Tamén existe un retrato de Manoliño na portada do *Hostal dos Reis Católicos*.


Onde seguen os comentarios verso a verso, comezando polo que di:

Unha vella no tempo dos mouros

No tempo dos mouros, unha vella tiña que ser un espírito de extrema sabedoría, por que non era doado chegar a vella, a non ser que se fora vella de nacemento (como algúns ós que non lles gusta Tiruliru miña gaita, porque son vellas de nacemento, e asústanse de que lles falen de conas e carallos coma se eles non tiveran. Hajnos que se cren que cagan petunias. - Nota de Dorothea Vielleich -)



Unha vella no tempo dos mouros fixo da cona unha praza de touros aí chumbala chumbala
A Manoliño le vá ro no preso por ir pola rúa co carallo tesoso



chumbala aí chumbala chumbala chun e sea fixo fixo ben da cona da vella non mandaninguén
e seo le va ba fa cí a ben do seuca raliño non mandaninguén

Fixo da cona unha praza de touros

O tempo dos mouros fálanos dunha sabedoría perdida para nós, de tesouros agochados e de homes peludos que comen nenos, e só un ser de tal sabedoría extrema podería facer unha cousa así. Unha vaxina convertida nun coso taurino significa a terra aberta de pernas recibindo ó Sol, segundo as leis da tauromaquia, que din que a lida é un tributo ó Sol, que se rinde cando o rei da luz vai poñerse.

e se o fixo, fixo ben

O toureiro é o arquetipo feminino - leva roupa axustadiña de cores vivas e flores, co cú e a cintura ben marcadiños - e leva zapatillas tamén femininas, para tocar cos pés na area loira, porque area e toureiro son a mesma cousa.

da cona da vella non manda ninguén.

A Manoliño levárono preso

Eiquí unha contradición. unha vaxina ceibe e un Manoliño preso. ¿Por que?

por ir pola rúa co carallo tesoso.

Agora xa sabemos o que fixo Manoliño para ir preso, pero realmente ¿quen foi Manoliño?. Eiquí a súa abraiante historia.

Manoliño e a vella namoráranse perdidamente, mais a vella tiña a cona resesa de todo, e Manoliño un carallo co que partía pedras cando se aburría, e por máis que twentaron facer de todo, non fixeron nada. A cona da vella era tan grande que nun daqueles intentos Manoliño tivo que saír pola fiestra a recoller aquel bosque conífero que rodaba rúa abaixo. Foi entón cando o levaron preso.

e se o fixo, fixo ben do seu caralliño non manda ninguén.

E logo pregou desesperado *¡Valeime, Santo Narciso, que me leván!* E Santo Narciso apareceuse a Manoliño e dixo: *Terra e toureiro son o mesmo. Sol e touro son a virilidade* (Quere dicir o carallo - Nota de D. V.). *O toureiro engana feminamente ó touro* (O mellor modelo de tal comportamento son as requentapolas ou arrequantapolas - Nota de D. V.). *Finalmente o toureiro penetra coa fálica espada ó touro, manchando de sangue a area coma un himen roto. Entón o toureiro conquista a virilidade do touro e convírtese nun hermafrodita, vella e Manoliño fundidos nun só ser.*

A praza de touros foi a de Pontevedra, e Manoliño, que en verdade era de Marín, foi o primeiro toureiro do mundo.

Dorothea Vielleich

Fundamentos de Santiago



No número anterior falábase sobre algúns barrios e rúas de Santiago. Antes de seguirmos con eles, imos contar cales foron os comezos da cidade e maila Catedral, xa que a historia de Compostela e a da basílica que garda as reliquias do Apóstolo é a mesma.

Corrían os primeiros anos do século IX, era bispo de Iria Flavia, Teodomiro.

Presentouse un día ó venerable Pastor o santo eremita Pelagio, que *decía misa a os mouradores de San Fiz* (San Félix de Solobio) pobo entón de 400 almas, e contoulle un suceso maravilhoso que viña repetíndose tódalas noites no monte inmediato, chamado Libredón, *coverto de matas e robres muito furiosas*. Acaecía, pois, que no máis espeso do bosque oíanse cantos e víanse luces e estrelas, a meirande delas ía sempre poñerse enriba do carballo máis rexo, situado no centro do monte mesmo. Ante esta nova púxose en marcha Teodomiro, acompañado dos coengos da súa igrexa e de gran séquito de xentes. Poñemos aquí o texto que aparece no **Libro de la Hermandad de los Caballeros Cambeadores**:

...é chegou á XXIV de Julio á Solobio, é se meteu co os seus Homes dentro do Castelo, que era alto, é eran dun Cabaleyro do nome de España, donde descendía Theodomiros, é á mea noyte se viron as santas luzes, é Estelas é a grande no meu encima do Robre, é po la mañan cantou Misa o Santo Bispo en Solobio, é se foy á aquel lugar onde estaba o alto Robre, desfacendo é cortando a espesidume dos Robres, fasta que chegaron onde estaba a Santa Coba, é entrou dentro, é viron que estaba labrada, é con dous arcos, é o Moymento debaixo dun Altar pequeno, é incima unha Pedra, é á os lados outros dous Moymentos, que non eran de tanto altor, é puseromse en orazon é jajuou todo o pobo, é abriron ó do meo por inspirazon de Deus, é viron ser ó Santo Corpo do Apóstolo, o que tiña a Cabeza courtada, é o Bordon dentro nun letreyro que dicía: Aquí jaz Jacobo Filho do Zebedeo, é de Salomé, Hirmao de San Juan, que matou Heródes en Jerusalem, é veu por Marco os seus Discípulos fasta Iria Flavia de Galicia, é veu nun carro é Bois de Lupa, Señora deste campo; é daqui non quijeron pasar mais adelante...

Huerta (Anales de Galicia) fixou este acontecemento no ano 813.

Con gran contento o Prelado correu a Oviedo, e informou de todo a Alfonso II o Casto, quen partiu para visitar a tumba e rendir a coroa ó Apóstolo, ademais mandou levantar sobre o mesmo sepulcro unha igrexa, que pola calamidade dos tempos foi de pedras e barro o bastante reducida. O Rei fixo tamén doazón ó Santo Apostol (4 Setembro do 829) de tres millas ó redor do sepulcro.

Axiña se divulgou a fama do milagroso descubrimento seguido doutros prodixos que acabaron de pór fóra de dúbida a autenticidade das reliquias.

Con coñecemento de todo esto, o Papa León III notificouno ós demais bispos do orbe católico, nunha carta que é un documento de interés e a proba máis concluínte da traslación do corpo do Apóstolo a estas



terras, así como a autenticidade do sepulcro.

Ó pouco de atopar as reliquias do Santo Apóstolo, instalouse, contigua ó seu sepulcro, unha comunidade de doce monxes, presididos polo abade Ildefredo, os que, xunto con algúns individuos do Cabido de Iria Flavia, tributaron dende entón culto ó héroe grorioso.

Naquel mesmo día comezaron as peregrinacións. E así o sepulcro encheu de xente ó monte Libredón, xa que en torno seu e do mosteiro, que por estar contiguo á igrexa de Alfonso o Casto, e por ser erixido fronte ó seu altar e o oratorio de San Juan Bautista, chamouse de **Antealtares** (como se chama aínda hoxe ó de relixiosas beneditinas de San Paio, situado a cousa de trinta metros ó leste da basílica, da cal a separa a praza da Quin-

tana), alzáronse casas, santuarios, conventos, hospicios, hospitais, muros e torreóns contra os normandos e musulmáns; e en poucos anos a cidade que se comprace co nome do fillo do Zebedeo chegou a contarse entre as primeiras de España e as máis célebres da cristiandade.

As citas e información sacáronse dos seguintes libros:

Libro de la Hermandad de los Caballeros Cambeadores, citado por Zepedano na *Historia y descripción arqueológica de la Basílica Compostelana*, Lugo, 1870.

Huerta. *Anales de Galicia*, T. II, Lib. VIII, Cap. 9.

Santiago, Jerusalén, Roma. Diario de una Pergrinación. José María Fernández Sánchez y Francisco Freire Barreiro (1880).

Eva Paradela

EXPLICACION.


1. Plaza del Hospital.
 2. Plaza de Cervantes, antes del Pan.
 3. Plazuela de la Fuente de S. Juan.
 4. Plaza de los Literarios, antes de la Quintana de Muertos.
 5. Plazuela de las Platerías.
 6. Plazuela del Toral.
 7. Plazuela del Mercado Viejo.
 8. Plazuela de la Pescadería Vieja.
 9. Calle de Casas Reales y Plazuela de Animas.
 10. Paseo de la Alameda.
 11. Puerta Fajera.
 12. Puerta de la Mámoa, al fin de la calle de las Huérfanas.
 13. Calle y Puerta de Mazarelos.
 14. Puerta del Camino.
 15. Puerta y Plazuela de S. Roque.
 16. Puerta y Calle de la Puerta de la Peña.
 17. Cuesta Vieja.
 18. Calle de S. Francisco.
 19. Calle de Carretas.
 20. Calle de las Huertas.
 21. Calle del Infierno de Abajo.
 22. Calle de la Senra.
 23. Calle de la Fuente de S. Antonio.
 24. Calle de la Virgen de la Cerca.
 25. Calle de las Ruedas.
 26. Calle de la Algalia de Abajo.
 27. Calle y Plazuela de la Algalia de Arriba.
 28. Calle del Preguntoiro y Plazuela de Feijóo.
 29. Calle del Castro.
 30. Calle de la Calderería y Plazuela de Fuente.
- Secn.
31. Rúa Nueva.
 32. Rúa del Villar.
 33. Calle del Franco.
 34. Plazuela de Fonseca entre la Calle del Franco y la Rúa.
 35. Calle de la Troya y Plazuela de la Fuente de San Miguel.
 36. Rúa Traviesa.
 37. Catedral.
 38. Hospital Real.
 39. Seminario de Confesores, Casas Consistoriales y Juzgados de 1.^a Instancia y Municipal.
 40. Colegio de San Jerónimo, hoy Escuela Normal.
 41. Colegio de Fonseca, hoy Facultad de Medicina.
 42. Colegio de Sanclemente, hoy cuartel.
 43. Monasterio é iglesia de San Martín, hoy Seminario Conciliar.
 44. Convento é iglesia de San Francisco.
 45. Monasterio é iglesia de Religiosas Benedictinas de San Payo.
 46. Convento é iglesia de San Agustín, hoy Asilo de Mendicidad.
 47. Universidad, é iglesia y Colegio de la Compañía, hoy Instituto de 2.^a enseñanza.
 48. Colegio é iglesia de Nuestra Señora de los Remedios, vulgo de Niñas Huérfanas.
 49. Convento é iglesia de Religiosas Mercenarias.
 50. Convento é iglesia de Religiosas de la Enseñanza.
 51. Convento é iglesia de Religiosas Dominicas de Belvis.
 52. Convento é iglesia de Santo Domingo, hoy Hospicio.
 53. Convento é iglesia de Religiosas Franciscanas de Santa Clara.
 54. Convento é iglesia de Religiosas Carmelitas.
 55. Hospital y Capilla de San Roque.
 56. Parroquia de San Benito.
 57. Capilla de las Animas.
 58. Parroquia de San Felix de Solovio.
 59. Parroquia de Santa María Salomé.
 60. Parroquia de Santa María del Camino.
 61. Parroquia de San Miguel, en la Plazuela de su nombre.
 62. Capilla de Nuestra Señora de la Angustia de Abajo.
 63. Capilla de la Santísima Trinidad.
 64. Capilla de Nuestra Señora del Pilar.
 65. Parroquia de Santa Susana, en el Campo

- de la Feria, ceñido del Paseo de Buena-Vista, dicho tambien de Boveda y de la Herradura.
66. Palacio Arzobispal.
 67. Plaza de Abastos.
 68. Palacio de Camarasa.
 69. Rúa de S. Pedro é Iglesia parroquial del mismo nombre.
 70. Calle de Bonaval.
 71. Capilla de Nuestra Señora de la Angustia de Arriba.
 72. Carretera de Lugo y camino del Barrio de San Lazaro.
 73. Monte Ouriz.
 74. Monte de la Almáciga.
 75. Carretera de la Coruña y Barrio de Pastoriza y San Cayetano.
 76. Capilla de Pastoriza en el barrio de su nombre.
 77. Punto en que concurren las calles de Santa Clara, del Espíritu Santo y de los Basquiños.
 78. Calle del Espíritu Santo.
 79. Río da Pena y Barrio de Guadalupe.
 80. Puerto de Viño y Huerta del Dean.
 81. Cuesta Nueva.
 82. Nuestra Señora de la Fuente.
 83. Barrio de Vista Alegre.
 84. Cuartel del Río de los Sapos ó de Santa Isabel.
 85. Cruceiro del Gayo.
 86. Capilla del Carmen de Abajo.
 87. Barrio de San Lorenzo.
 88. Carretera de Pontevedra.
 89. Calle Nueva.
 90. Barrio de Santa Marta.
 91. Campo de San José y Camino de Cornes, de In.
 92. Estacion del Ferro-carril y de Conjo.
 93. Calle del Hórreo.
 94. Calle y Campo de Pitelos.
 95. Calle de Castron d'Ouro.
 96. Calle de Sar.
 97. Calle del Pegigo de Abajo.
 98. Calle del Pegigo de Arriba.
 99. Río Sarcelá, vulgo de los Sapos.
 100. Capilla de Nuestra Señora del Portal en el Convento de Belvis.
 101. Capilla de San Antonio en el barrio de Belvis.
 102. Cruz de San Pedro.
 103. Calle de los Lagartos.
 104. Punto donde concurren las calles de los Laureles y de Santa Clara y el Campillo del Carmen.
 105. Huerta de San Martín.
 106. Hospital de Carretas, en la calle de su nombre.
- a. Jardines de la Alameda.
b. Fabrica del Gas.
c. Cementerio general.
d. Cementerio de la Orden Tercera de San Francisco.
- e. Cementerio de Pastoriza.
f. Cementerio de la Cofradia de Nuestra Señora del Rosario.
g. Administracion de Rentas.
h. Estacion Telegráfica.
i. Administracion de Correos.
j. Teatro.
k. Palacio del Conde de Canillas.
l. Palacio del Marqués de Santa Cruz de Rivalda.
- m. Casa del Dean.
n. Casa de Perez Saenz.
o. Casa de baños del Infierno de Arriba.
p. Casa de baños del Infierno de Abajo.
q. Casino.
r. Recreo Artístico é Industrial y Café Suizo.
s. Café Español.
t. Café del Siglo.
u. Fonda Suiza y Café.
v. Fonda del Comercio.
w. Fonda de Rey.
x. Fonda de San Miguel.
y. Fonda de Rapariz.
z. Fonda de la Estrella.
- A. Administracion de la empresa de diligencias la *Ferro-Carrilana*.
B. Alhóndiga, en la Rúa de San Pedro.


Este é un plano do 1880 onde aparecen as rúas, barrios e demais tal como estaban daquela. A *explicación* é tamén do mesmo ano, polo que hoxe hai moitas cousas que xa non son igual. Onde na *explicación* dícese hoy, refírese a aquel ano.

Segue un glosario actualizado dos cambios que houbo dende entón. A numeración das nosas acotacións é a mesma cá do plano.

1. Hoxe, Praza do Obradoiro.
 3. Hoxe, Praza da Inmaculada.
 4. Hoxe, Quintana de Mortos.
 7. Hoxe, Praza de Mazarelos.
 21. Hoxe, Rúa da Trindade.
 39. Hoxe, Pazo de Raxoi. Concello de Santiago.
 40. Hoxe, Rectorado da Universidade.
 41. Hoxe, Biblioteca Xeral da Universidade.
 42. Hoxe, Instituto de Bacharelato Rosalía de Castro.
 47. Hoxe o *Instituto de 2.^a Enseñanza* é a Facultade de Periodismo.
 52. Hoxe, ademais, Museo do Pobo Galego.
 62. Hoxe, Igrexa de San Fructuoso.
 63. Hoxe non existe.
 105. Hoxe, Residencia de Ancianos San Xosé.
 - i. Hoxe Correos está na Travesa de Fonseca.
 - n. Non existe.
 - ñ. Non existe.
 - z. Non existe.
 - A. Hoxe forma parte do Campo de San Domingos de Bonaval.
- A maior parte dos cafés e fondas non existen.



ULTRAMARINOS



Casas Reais, 34-36 - Teléfono 58 36 39 - SANTIAGO